

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, **relacionada coa cobertura de vacacións do persoal do SERGAS durante os meses de verán, así coma, do peche de camas nos centros hospitalarios.**

No verán é xa unha costume que a Consellería de Sanidade leve a cabo peches de camas nos hospitais da rede pública; algo realmente incompreensible cando non se están a tomar medidas para atallar as listas de espera cirúrxicas ou cando existen antecedentes abondo de colapsos nas urxencias por falla de camas dispoñibles. Son moitas tamén as consultas que pechan durante o tempo que os/as profesionais responsables desfrutan das súas vacacións, incluídas en atención primaria, o que se traduce nunha lista de espera non declarada.

No caso dos servizos hospitalarios, tampouco queda claro o criterio seguido para os peches, que semella máis ben aleatorio ou alomenos non dependente de criterio clínico, social e sanitario.

Estes peches, coma AGE xa ten denunciado, teñen coma finalidade a non cobertura dos permisos vacacionais de grande parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das substitucións. Polo tanto, inciden no paro que xa sofren de base as e os profesionais sanitarios eventuais e na perda de dereitos laborais de aquelas e aqueles con praza en propiedade, ao seren obrigadas e obrigados, en moitos casos, a cubrir ausencias de outras persoas.

Esta situación agrávase cada ano, xa que dende a entrada do Partido popular na xestión do Goberno, véñse producindo un incremento anual do número de camas pechadas nos meses de verán. Por outra banda, resulta inadmisíbel a negativa por parte do goberno a

facilitar datos relativos a esta situación ás deputadas e deputados da Cámara. O pasado ano AGE xa solicitou, sen éxito, os datos sobre os permisos cubertos con persoal eventual. O ocultamento destes datos por parte da Xunta ao Parlamento galego e secundariamente ás galegas e galegos resulta un asunto moi grave incompatible coa defensa da democracia.

Dados estes antecedentes, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, presenta a seguinte pregunta:

Cantas camas van ser pechadas en xuño, xullo, agoso e setembro en cada hospital da rede pública?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2015.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do GP. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/04/2015 18:00:25